

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

AXENDA INSTITUCIONAL DE ALTOS CARGOS DA XUNTA DE GALICIA PARA HOXE, MARTES, 30 DE XUÑO DE 2026**PRESIDENCIA****MADRID**

12,00 h.- O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, participará na sesión da Comisión Mixta para a Unión Europea do Comité Europeo das Rexións.

TURISMO DE GALICIA**RIANXO (A Coruña)**

12,30 h O director de Turismo de Galicia, Xosé Merelles, asinará un convenio de colaboración co Concello de Rianxo para a posta en valor e mellora da contorna do hórreo do Araño.

CIDADE DA CULTURA

20,00 h O director de Turismo de Galicia, Xosé Merelles, asistirá á X Gala Showcooking Mellor Cocifeiro de Tapas 'Sete Cidades, Sete Sabores'.

DELEGACIÓN TERRITORIAL DA CORUÑA**A CORUÑA**

11,00 h.- A delegada territorial da Xunta na Coruña, Belén do Campo, participará na presentación do *Festival Mamma Mía*.

PONTECESO (A Coruña)

16,00 h.- A delegada territorial da Xunta na Coruña, Belén do Campo, reunirse coas representantes da Asociación de Redeiras *Illa da Estrela de Corme* para informar da nova orde de axudas para apoiar ao sector artesá.

DELEGACIÓN TERRITORIAL DE FERROL**FERROL**

16,30 h.- A delegada territorial de Ferrol, Martina Aneiros, visitará a unha beneficiaria do programa de axudas para a adquisición de vivendas.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

DELEGACIÓN TERRITORIAL DE LUGO

LUGO

18,00 h.- O delegado territorial da Xunta en Lugo, Alfonso Villares, participará na presentación do X Campionato de España de Barco Dragón.

18,30 h.- O delegado territorial da Xunta en Lugo, Alfonso Villares, asistirá á presentación do libro *Viaje a un nuevo mundo*.

DELEGACIÓN TERRITORIAL DE OURENSE

SAN CIBRAO DAS VIÑAS (Ourense)

10,00 h.- O delegado territorial da Xunta de Galicia en Ourense, Manuel Pardo, visitará a empresa *Resortes Galicia S.L.*, beneficiaria das axudas para proxectos en actividades non agrícolas.

DELEGACIÓN TERRITORIAL DE PONTEVEDRA

PONTEVEDRA

9,30 h.- O delegado territorial da Xunta en Pontevedra, Pablo Fernández, recibirá á presidenta de Executivas de Galicia, Carmen Costas.

12,00 h.- O delegado territorial da Xunta en Pontevedra, Pablo Fernández, asistirá ao acto de nomeamento como membro de honra do Gremio de Mareantes ao Coronel Xefe da Guardia Civil de Pontevedra, Manuel Touceda Souto.

DELEGACIÓN TERRITORIAL DE VIGO

VIGO

13,00 h.- A delegada territorial da Xunta de Galicia en Vigo, Ana Ortiz, asistirá á xuntanza extraordinaria do Pleno do Consello Social da Universidade de Vigo.

19,30 h.- A delegada da Xunta en Vigo e presidenta do Consorcio Casco Vello, Ana Ortiz, asistirá aos actos do 35 aniversario do Instituto de Estudos Vigueses.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

A CORUÑA

13,00 h.- O conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, **Diego Calvo**, xunto co secretario xeral para o Deporte, Roberto García, e a delegada territorial da Xunta na Coruña, Belén do Campo, participará na presentación oficial do *Trofeo Presidente da Xunta de Galicia de Vela 2026*.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

LALÍN (Pontevedra)

11,00 h.- A conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, **Ángeles Vázquez**, acompañada do delegado territorial da Xunta en Pontevedra, Pablo Fernández, visitará o cámping *Huttopia Caminos de Galicia*.

OROSO (A Coruña)

13,00 h.- A conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, **Ángeles Vázquez**, asinará co alcalde, Alexándér Doval, o convenio de colaboración para a mellora e acondicionamento do parque canino na localidade.

A continuación, visitarán as instalacións nas que se actuará.

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL

SAN CAETANO

09,00 h.- O conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, **Román Rodríguez**, manterá unha reunión de traballo co alcalde de Palas de Rei, Pablo Taboada.

MADRID

09,30 h.- A directora da Axencia Galega de Innovación, Carmen Cotelo, asistirá a un coloquio entre a presidenta da Fundación Cotec, Cristina Garmendia, e o director da representación da Comisión Europea en España, Daniel Calleja.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

SANTIAGO DE COMPOSTELA

09,30 h.- A directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa, Judith Fernández, participará na xornada *Transformación de centros públicos a través do Bacharelato Internacional*.

10,30 h.- A directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa, Judith Fernández; o director xeral de Centros e Recursos Humanos, Jesús Álvarez, e a directora xeral de Formación Profesional, Eugenia Pérez, reuniranse coa Mesa Sectorial Docente.

BERGONDO (A Coruña)

17,30 h.- A directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa, Judith Fernández, clausurará a xornada de formación do Plan Director para a convivencia e a mellora da seguridade nos centros educativos e as súas contornas.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE**SANTIAGO DE COMPOSTELA**

11,30 h.- (aprox.) A conselleira de Política Social e Igualdade, **Fabiola García**, recibirá os Peregrinos de Marte, un grupo de nenos e as súas familias que rematan o Camiño de Santiago.

VIGO

10,30 h.- A directora xeral de Persoas con Discapacidade, Begoña Abeijón, visitará o centro de día da asociación de dano cerebral Alento.

11,00 h.- A directora xeral de Promoción da Igualdade, Eloína Ingerto, participará na xornada Tecnolóxicas. Na sede da Asociación de Industrias del Metal y Tecnologías Asociadas de Galicia (Asime).

A CORUÑA

10,30 h.- O director xeral de Maiores e Atención Sociosanitaria, Antón Acevedo, asistirá á presentación do proxecto Exocare.

11,00 h.- O director xeral de Inclusión Social, Arturo Parrado, acudirá á presentación do proxecto Fogar Familia e do recurso residencial para familias da Asociación Ecos do Sur.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

PAZOS DE BORBÉN (Pontevedra)

12,30 h.- A directora xeral de Persoas con Discapacidade, Begoña Abeijón, realizará un percorrido polo centro da Asociación de pais de persoas con discapacidade intelectual de Vigo (Aspavi).

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

SANTIAGO DE COMPOSTELA

13,00 h.- A conselleira de Economía e Industria, **María Jesús Lorenzana**, acompañada do secretario xeral de Industria e Desenvolvemento enerxético, Nicolás Vázquez, participará na presentación do Plan director da industria das TIC 2026-2028.

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

CIDADE DA CULTURA

09,30 h.- O conselleiro de Facenda e Administración Pública, **Miguel Corgos**, acompañado polo director da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), Damián Rey, visitará o Laboratorio e Centro Demostrador de Ciberseguridade.

Posteriormente, ás 10,00 horas, participará na apertura da xornada de inauguración do *Laboratorio e Centro Demostrador de Ciberseguridade da Xunta de Galicia*.

SANTIAGO DE COMPOSTELA

11,30 h.- O conselleiro de Facenda e Administración Pública, **Miguel Corgos**, dará a benvinda aos membros do Comité de Seguimento do Programa do Fondo Social Europeo+ Galicia 2021-2027.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

SAN CAETANO

09,30 h.- A conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, **María Martínez Allegue**, e o conselleiro de Sanidade, **Antonio Gómez Caamaño**, xunto con técnicos de ambos os dous departamentos, participarán na Comisión de Seguimento do protocolo de colaboración entre a Xunta e o Concello de Santiago para a humanización, ordenación e mellora da accesibilidade do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela.

16,00 h.- A conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, **María Martínez Allegue**, asinará co alcalde de Outes, Francisco Calo, o convenio para o acceso deste municipio ao Fondo de cooperación para o apoio ao financiamento de actuacións de rehabilitación e conservación do patrimonio construído en concellos de menos de 50.000 habitantes.

CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE

TOMIÑO (Pontevedra)

10,00 h.- A directora xeral de Xuventude, Lara Meneses, visitará aos participantes no minicampamento *Aventura polo Baixo Miño*, no marco da campaña *Modo verán activo*.

VIGO

11,00 h.- O director da Axencia Galega das Industrias Culturais, Jacobo Sutil, participará na **rolda de prensa** sobre a nova programación da Sala Ártika.

BAIONA (Pontevedra)

13,00 h.- A directora xeral de Xuventude, Lara Meneses, participará na presentación do festival Entre Playas Sunset Festival.

PADRÓN (A Coruña)

19,00 h.- O director de Cultura, Anxo M. Lorenzo, asistirá ao acto de benvida do *Encontro da Edición 2026*.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

SANTIAGO DE COMPOSTELA

19,45 h.- O director da Axencia Galega das Industrias Culturais, Jacobo Sutil, participará no acto de inauguración do festival *Curtocircuíto*.

AMES (A Coruña)

22,00 h.- O director da Axencia Galega das Industrias Culturais, Jacobo Sutil, asistirá á entrega de Recoñecementos Escena Galega.

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN**RIBADAVIA (Ourense)**

11,00 h.- O conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración, **José González**, manterá un encontro co tecido empresarial e entidades da comarca do Ribeiro interesadas na orde de axudas para a rehabilitación de vivendas destinadas a persoas traballadoras.

BOIRO (A Coruña)

12,00 h.- O director xeral de Comercio e Consumo, Gabriel Alén, participará no acto de presentación da aula gastronómica que se prevé habilitar na praza de abastos da localidade co apoio da Xunta.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**SAN CAETANO**

10,00 h.- A secretaria xeral técnica da Consellería do Medio Rural, Marta Forés, presidirá a reunión do Padroado da Fundación Centro Tecnolóxico da Carne.

MACEDA (Ourense)

11,00 h.- O director xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias, José Balseiros, visitará unha serie de pasteiros desenvolto nos concellos de Maceda, Montederramo e Xunqueira de Espadanedo.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

TUI (Pontevedra)

12,00 h.- O director da Axencia Galega da Calidade Alimentaria, Martín Alemparte, participará na xornada *Innovación no Sector Agroalimentario*, organizada polo Agrupamento Europeo de Cooperación Territorial do Río Miño no marco do programa IURC (*International Urban and Regional Cooperation*).

SANTIAGO DE COMPOSTELA

14,30 h.- O director da Axencia Galega da Calidade Alimentaria, Martín Alemparte, manterá unha reunión con responsables da *Feria Internacional del Vino de Madrid WineMad*.

CONSELLERÍA DO MAR**SAN CAETANO**

12,00 h.- A conselleira do Mar, **Marta Villaverde**, asinará o convenio coa Sociedade Cooperativa Galega Ría de Arousa para recuperar os seus bancos marisqueiros.

VIGO

14,00 h.- A conselleira do Mar, **Marta Villaverde**, clausurará a Xornada *Descarbonización na BIOeconomía Azul*.